

# **NORMAS DE COMEDOR 2017-2018**

## **CONDICIÓN**

- Os usuarios de comedor deben ser socios da ANPA, NON ter ningunha débeda ca Asociación e ter contratado o SEGURO ESCOLAR da mesma, dado que o comedor escolar é xestionado pola ANPA da Escola.
- O comedor comenará o primeiro día lectivo de setembro e o seu horario será de 14:15h. a 16:15h.
- Os/as nenos/as terán que ser recollidos antes das 16:15h., xa que as coidadoras rematan o seu horario de traballo e poden facturar o tempo extra a ANPA, gasto que se repercutiría a dita familia.
- Os usuarios do comedor que vaian sós para casa teñen que traer unha autorización asinada polos seus pais ou titores.
- O número de teléfono do comedor para avisar de calquera problema ou posible retraso é o 986 468 189
- Todos/as os/as usuarios/as que non asistan ó comedor teñen a obriga de comunicar ó colexio, antes da 9:30 h., a ausencia ó comedor ese día. De non facelo, poden perder a axuda do Concello e da Xunta. Os/as nenos/as bolseiros/as tamén teñen que avisar da súa non asistencia pois o Concello esixe ás ANPAS un parte de faltas.

## **PREZO**

- O prezo do menú para os **comensais fixos** é de:
    - 5 días semanais..... 58 €/mes
    - 4 días semanais ..... 47 €/mes
    - 3 días semanais..... 36 €/mes
    - 2 días semanais..... 26 €/mes
    - 1 día semanal .....15 €/mes
- Baremo mensual
- Os/as **alumnos/as esporádicos**: 6 €/comida
  - O pago dos recibos do comedor farase por adiantado nos 10 primeiros días do mes. No caso de non facelo o/a neno/a non poderá seguir asistindo ó comedor.

## **BOLSEIROS:**

O/A responsable: pai, nai, titor do/a alumno/a bolseiro/a deberá asinar o listado de becas.

No caso de non asinala, as listas será devoltas ó Concello sen a súa sinatura, e poderá serlle retirada a axuda.

## **NORMAS DE COMPORTAMENTO E DISCIPLINA**

- Durante o horario do comedor os alumnos/as cumprirán as normas de hixiene e comportamento que establezan as coidadoras dacordo co Consello Escolar. Estas normas estarán expostas no comedor en lugar visible.
- As coidadoras cubrirán diariamente un parte de incidencias de comedor e o entregarán ó responsable do comedor e á dirección do centro. En caso de faltas graves pódese perder o dereito de asistencia ó comedor previo aviso ás familias e ó Concello, en caso de ser becados.

## **DIETAS ESPECIAIS**

Para pedir un cambio no menú por motivos de saúde hai que chamar ó colexio antes das 9:30 h. En caso de alerxias con réxime especial deberán aportar un informe médico e unha autorización en conforme pode asistir ó comedor escolar.